

EN DEFENSA DO PÚBLICO

TEMOS DEREITO

A TER

DEREITOS

#xLoPúblico

MANIFESTACIÓN ESTATAL

MADRID

18 XUÑO

12:00 Cibeles-Pz. de España



www.cgtgalicia.org
www.rojoynegro.info
@CGT

Confederación
Xeral
do Traballo



EN DEFENSA DO PÚBLICO

TEMOS DEREITO A TER DEREITOS?

Falamos:

- do Dereito á **Sanidade Pública** universal e de calidade.
- do Dereito a unha **Educación Pública** para todos e todas que nos forme en liberdade e con sentido crítico.
- do Dereito a que as nosas persoas **dependentes** (persoas maiores, nenos e nenas, persoas enfermas e soas), **sexan coidadas** para que poidan ter unha calidade de vida digna.
- do Dereito a **Pensións Públicas** suficientes para todos e todas.
- do Dereito a que nas nosas cidades, nas nosas vilas, os servizos públicos de **limpeza, auga, enerxía, vivenda, asuntos sociais, educación infantil, información, comunicación, transportes**, etc. sexan prestados e atendidos por empresas públicas, onde a suficiencia e a eficiencia destes servizos garántanse sempre.
- do Dereito a unha **comunicación pública** (radios, correos, televisións, prensa...) para todas as persoas, que garanta a liberdade de expresión e unha información libre desde o interese común e xeral.

A nosa resposta é moi clara: **todas e todos temos DEREITO a estes DEREITOS**, porque son Dereitos Fundamentais de todos os seres humanos.

Por que nos quitaron estes Dereitos Fundamentais e quen é os responsables desta barbaridade?

O **despoxo dos bens comúns**, que garantían a subsistencia da xente e certa independencia de non ser sometidos ao traballo asalariado, **está nas orixes do capitalismo e do seu máximo valedor, o Estado.**

O que apareceu a partir dos anos 70 foi o **despoxo dos servizos esenciais para a comunidade a través da súa mercantilización e das privatizacións das empresas públicas**, por medio das cales se prestaban parte destes servizos, patrimonio de toda a sociedade, para ser convertidos en negocio privado.

A "Gran Crise" como escusa, condúcenos á Gran Estafa Social:

A **crise-estafa** que o capitalismo xera a partir do 2007, **agudiza de maneira letal o despoxo** e, no período 2009-2014, atopámonos que **a redución do gasto público achégase aos 78.000 millóns de euros no estado español.**

Os recortes son dramáticos para a maioría social. Ningún dos bens comúns líbrase desta barbarie: a educación, a sanidade, a vivenda, as prestacións de desemprego, os coidados, a dependencia, a cultura, as pensións, os investimentos no público...

Os distintos gobernos, ao ditado de Bruxelas, directamente recortaron o gasto social nas tres grandes partidas que afectan os Dereitos Sociais: **os servizos públicos básicos, as prestacións da protección social e as políticas sociais.**

RECORTES NO GASTO PÚBLICO 2009-2014

PARTIDA	En Millones de €
Política de vivenda	- 6.979
Educación (nos tres niveles)	- 6.138
Atención sanitaria	- 5.564
Política da familia e infancia	- 2.692
Servizos culturais	- 2.275
Cooperación internacional	- 2.060
Inversións en I+D básica	- 1.337
Política industrial	- 1.206
Enfermidade e incapacidades	- 1.099
Prestacións de desemprego	- 7.231
Inversións en infraestruturas dos transportes	- 10.789
Inversións en I+D asuntos económicos	- 1.068

Gasto **sanitario**: 9.600 millóns de euros, o que supón unha redución salarial do persoal sanitario de 3.244 millóns (menos persoal e menos salarios) e o investimento en Sanidade que se reduciu en 2.144 millóns.

Gasto **educativo**: 7.394 millóns de euros, perdendo as persoas asalariadas un total de 3.705 millóns (menos persoal e menos salarios) e deixando de investir por 2.235 millóns.

Gasto **por desemprego**: o gasto baixou en 7.231 millóns de euros, baixando de maneira drástica a taxa de cobertura (soamente o 54% das persoas paradas perciben algunha prestación), así como as cantidades da prestación que cada vez son menores.

Destruíronse en todas as Administracións Públicas 156.000 empregos e perdeuse un 17% real no gasto salarial. Infrainvestimento e precarización xeneralizada en toda a cadea do traballo público.

Os chamados "gobernos do cambio" prometeron nos seus programas a reversión dos Dereitos roubados á cidadanía, pero as promesas políticas non son garantía de nada:

- **Remunicipalización dos Servizos Públicos** prestados polos gobernos locais e que foran privatizados: limpeza viaria, auga, enerxía, residuos, transporte, medio ambiente, vivenda, atención social, etc.
- **Garantía dos Dereitos Básicos**: sanidade, educación, vivenda, para todas as persoas, por lei.
- **Derrogación do artigo 135** da Constitución, pactada polo PSOE-PP-CIU-PNV, en setembro 2011, que garantía que sempre haberá diñeiro para o pago dunha **Débeda Ilexítima** e, en moitos casos, ilegal.
- **Derrogación das Reformas Laborais do 2010 (PSOE) e do 2012 (PP)**, que permite o **despedimento libre** do persoal laboral en todas as Administracións Públicas e Empresas Públicas.

Pero todos sabemos que non son as promesas dos políticos, senón a loita de todas as persoas afectadas (millóns), dos movementos sociais e dos sindicatos verdadeiramente de clase, a única garantía de que logremos un xiro de 180º para conseguir a reapropiación do que é de todos.

A realidade agora:

O espolio do público levouse a cabo derivando miles de millóns de euros dos impostos, que antes se dedicaban ao gasto social, ao pago dos bancos e aos fondos voitres, deteriorándoo, á vez que o presentan como ineficaz e insuficiente e creando unha determinada conciencia de escaseza e empurrando á maioría social a "botarse en mans do mercado".

A política fiscal do país, en especial coa recadación a través do **Imposto de Sociedades**, supuxo que, entre 2007 e 2014, **o recadado por esta vía baixase un 58%** (18.173 millóns de euros) cando neste mesmo período **os beneficios das empresas tan só baixaron un 1%**.

17 das 35 compañías do Ibex35 non pagan absolutamente nada por este imposto, a pesar de que só tres delas reflectiron perdas na súa conta de resultados de 2014.

As políticas fiscais, permiten a evasión aos grandes capitais, como o desvío de capitais cara a paraísos fiscais, que supuxo que, "entre 2013 e 2014 creceu en España un 2.000%, sobre todo ás Illas Caimán" (1.969 millóns de euros, 64 veces máis que o investimento que se fixo en Alemaña). Oxfam calcula que, só co que foi a parar ás Illas Caimán, deixáronse de ingresar nas arcas públicas do noso país entre 144 e 550 millóns de euros. **"Con isto poderíase cubrir toda a asistencia sanitaria á poboación inmigrante en España"**.

As privatizacións e as externalizacións dos servizos públicos, por calquera das modalidades formais e xurídicas, **teñen a súa sustentación política na modificación do artigo 135 da Constitución**, a cal embrida a todas as Administracións do Estado, impedíndolles o endebedamento e superación do déficit que Bruxelas fixou para España, ademais das políticas de conxelación de convocatorias de prazas para cubrir os postos necesarios nos Servizos Públicos.

A defensa dos Servizos Públicos como dereitos sociais para todos e todas, indícanos que hai que apostar clara e nitidamente pola universalidade, suficiencia e eficiencia destes e a participación dos traballadores e tamén dos usuarios na súa xestión.

A CGT fai un chamamento á loita e a mobilización para conseguir a recuperación do patrimonio colectivo. Porque os discursos non son suficientes.



**Confederación
Xeral
do Traballo**

A loita é o único camiño

www.cgtgalicia.org
www.rojoynegro.info
@CGT